

**GLOSARIO DE TERMOS DE POLÍTICAS DE
IGUALDADE E ESTUDOS EN XÉNERO**

Ano 2018

Índice

Acoso sexual	1
Androcentrismo	1
Chan pegañento	1
Ciberfeminismo	2
Cisxénero	2
Conciliación	2
Corresponsabilidade	3
Cultura da violación.....	3
Currículo oculto.....	3
Dereitos sexuais e reprodutivos	4
Dobre xornada.....	4
Discriminación por razón de xénero (ou indirecta)	4
División sexual do traballo	4
Ecofeminismos	5
Empoderamento.....	5
Estereotipos de xénero	5
Equidade de xénero.....	5
Feminismo	6
Feminismo da diferenza	6
Feminismo da igualdade.....	6
Feminismo postcolonial	6
Fenda de xénero	7
<i>Genderqueer</i>	7
Heteronormatividade	7
Igualdade de oportunidades.....	7
Interseccionalidade	8
Intersexual.....	8

Linguaxe inclusiva.....	8
Linguaxe sexista	8
Machismo.....	9
Micromachismos	9
Patriarcado	9
Perspectiva de xénero.....	9
<i>Queer</i>	10
Roles de xénero	10
Segregación horizontal.....	10
Segregación vertical.....	10
Sexismo	11
Sexo	11
Sororidade.....	11
Teito de cristal	11
Teoría queer	12
Transexual.....	12
Transfeminismo.....	12
Transversalidade de xénero (Mainstreaming.....	13
Transxénero.....	13
Xénero	13
Violencia simbólica.....	14
Violencia de xénero.....	14

Accións positivas

1. Co fin de facer efectivo o dereito constitucional da igualdade, os poderes públicos adoptarán medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes. Tales medidas, que serán aplicables mentres subsistan as devanditas situacións, deberán ser razoables e proporcionadas en relación co obxectivo perseguido en cada caso.

2. Tamén as persoas físicas e xurídicas privadas poderán adoptar este tipo de medidas nos termos establecidos nesta lei.

[Artigo 11 da Lei orgánica de igualdade efectiva entre mulleres e homes¹]

O concepto de accións positivas xurde nos Estados Unidos como parte das estratexias para loitar contra as discriminacións que viven distintos colectivos a causa de seu sexo, raza, relixión etc.. Non buscan protexer a ningún colectivo senón que se trata de medidas de carácter temporal que tratan de corrixir un efecto desigual e discriminatorio.

Acoso sexual

Constitúe acoso sexual calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, degradante ou ofensivo. [Artigo 7.1 da LOIEHM].

A lexislación española non establece unha clasificación polo que esta división queda en mans dos protocolos específicos subscritos no ámbito da empresa privada ou pública.

No Estado español ten varias consideracións:

- Delito contra a liberdade sexual: artigo 184 do Código Penal.
- Discriminación por razón de sexo: artigo 7.3 da LOIEMH.
- Vulneración dun dereito fundamental: artigos 14 e 35.1 da Constitución española, artigo 4.2.e do Estatuto dos/as traballadores/as e no Estatuto básico do/a empregado/a público/a].

Androcentrismo

Consiste na adopción dun punto de vista masculino no estudo e análise dun tema, establecendo unha forma de coñecemento nesgado no que o home² é considerado a medida de todas as cousas. Adoptar este tipo de visión androcéntrica implica a exclusión do punto de vista e experiencias doutros colectivos. Con todo, as achegas e os resultados destas investigacións parciais, son adoptados como xeneralizables e son extrapolados a toda a poboación.

Chan pegañento

Está formado polas forzas que manteñen a moitas mulleres atrapadas na base da pirámide económica. Refírese ao traballo maternal, o traballo conxugal e o traballo doméstico que se converten nun «adhesivo» para as mulleres, dificultando a súa carreira laboral, ás

¹ En adiante LOIEHM.

² Referímonos a un home que se axusta ao modelo de masculinidade hexemónica.

responsabilidades e cargas afectivas e emocionais que no ámbito doméstico acaban recaendo sobre as mulleres, reténdolas cos lazos dos afectos que entorpecen ou impiden a súa saída e realización persoal lonxe do ámbito familiar. O enfrontamento, a rebelión e a ruptura non sempre son posibles e crean situacións emocionais e familiares conflitivas. Na nosa sociedade afecta máis ás mulleres do mundo rural e ás inmigrantes laborais.

Tamén quedarían englobadas dentro deste concepto as situacións nas que as posibilidades de ascenso da muller se ven diminuídas polo feito de que ao ter que facerse cargo das súas familias, non poden aumentar a súa formación con cursos fóra do horario laboral, teñen máis dificultades para asistir a reunións ou comidas de empresa etc.

Ciberfeminismo

Corrente feminista que busca a transformación social a través de teorías e prácticas que empregan as novas tecnoloxías para subvertir os roles de xénero e loitan contra o esencialismo creando subxectividades desxenerizadas como o *cíborg* (ficción metafórica elaborada por Donna Haraway). Exploran as relacións das mulleres coas tecnoloxías dixitais, potencian a creación de redes e a reapropiación do ciberespazo. En palabras dunha das súas figuras máis recoñecidas, Sadie Plant, o ciberfeminismo é «unha cooperación entre muller, máquina e novas tecnoloxías.»

O termo foi acuñado polo colectivo VNS Matrix no *Manifesto ciberfeminista para o século XXI* (1991) que se inspiraba no *Manifesto cíborg* (1991) de Donna Haraway.

Cisxénero

Categoría de análise de recente aparición no ámbito do transfeminismo.

Fai referencia a aquelas persoas que non se identifican como *trans*, é dicir, ás persoas cun sexo asignado ao nacer que se corresponde coa identidade de xénero normativizada ou os roles que a sociedade considera axeitados. Refírese a aspectos como a expresión da sexualidade, o comportamento sexual, a orientación sexual, a identidade de xénero, a forma de vestir, o desempeño laboral, a expresión emocional etc.

O recoñecemento deste termo pon en valor as voces das persoas *trans* e acepta a existencia dunha serie de privilexios que conforman unha cultura e unha sociedade *cis-supremacista* que constitúe o fundamento da transfobia.

Conciliación

Introdución de sistemas de permiso por razóns familiares e de permiso parental, de atención á infancia e a persoas de idade avanzada, e creación dunha estrutura e organización do entorno laboral que facilite a homes e a mulleres a combinación do traballo e das responsabilidades familiares e do fogar”. (Comisión Europea (1998): 100 palabras para la Igualdad. Glosario de términos relativos a la igualdad entre mujeres y hombres, Dirección General de Empleo, Relaciones Laborales y Asuntos Sociales).

O axeitado é falar de conciliación da vida persoal, familiar e laboral xa que fai referencia á necesidade de compatibilizar o traballo remunerado co traballo de coidados e as responsabilidades familiares e coa dispoñibilidade de tempo para o desenvolvemento persoal de cada individuo.

Corresponsabilidade

Repartimento entre mulleres e homes das obrigas familiares, das tarefas domésticas e do coidado das persoas dependentes mediante a individualización dos dereitos e o fomento da súa asunción por parte dos homes e a prohibición de discriminación baseada no seu libre exercicio. [Artigo 5 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia]. Fai referencia á necesidade de que homes e mulleres, titulares dos mesmos dereitos, se erixan, ao tempo, en responsables de similares deberes e obrigas nos escenarios público e privado, no mercado laboral, nas responsabilidades familiares e na toma de decisións. [Plan Estratéxico Nacional de Igualdade de Oportunidades 2008-2010, Instituto de la Mujer]

Van un paso máis alá das medidas de conciliación xa que cuestionan a división sexual do traballo e asumen que as tarefas de coidado son responsabilidade de todas as persoas que forman parte da unidade familiar.

Cultura da violación

Cultura da violación é un concepto que se utiliza para describir un réxime social no que a violencia sexual contra as mulleres está normalizada e aceptada por mor das actitudes sociais sobre o xénero, a masculinidade e a sexualidade. Esta normalización está vinculada á perpetuación dos estereotipos e roles de xénero e a comportamentos como a culpabilización da vítima, a trivialización das agresións sexuais, a tolerancia fronte ao acoso, a obxectivización sexual da muller, a negación da violación e a reticencia a crer os testemuños das vítimas e a sancionar aos acosadores. A normalización da cultura da violación está presente en tódolos ámbitos da sociedade, dende o imaxinario social ata as institucións do Estado e os poderes públicos, que a miúdo non teñen unha resposta axeitada á hora de tratar casos de violación e abusos sexuais.

Currículo oculto

Estrutura non recoñecida oficialmente formada polos valores, actitudes e condutas consideradas axeitadas que se transmiten no ámbito educativo.

Está fortemente arraigado en diferentes elementos da práctica e da estrutura educativa: organización, normas, escenarios, relacións, expectativas, rutinas, valores, actitudes etc.

Caracterízase por actuar de xeito invisible, polo que é difícil detectar as súas repercusións, influír de forma persistente e ter un carácter omnipresente.

Os seus efectos sobre a discriminación de sexo poden ser explícitos ou sutís. Algúns dos seus elementos son: a universalización do modelo masculino, a reprodución dunha imaxe

estereotipada de mulleres e homes, o trato diferenciado, as diferentes expectativas sobre o alumnado en función do seu sexo ou a naturalización dos estereotipos de xénero.

Dereitos sexuais e reprodutivos

Dereitos das mulleres e os homes a ter control respecto da súa sexualidade, a decidir autónoma e responsablemente sen coerción, discriminación nin violencia; o dereito de todas as parellas e individuos a decidir de xeito libre e responsable o número e espazamento da súa proxección e a dispor da información, a educación e os medios para isto, así como a alcanzar o nivel máis elevado de saúde sexual e reprodutiva [Conferencia sobre Poboación e Desenvolvemento (El Cairo, 1994) e a IV Conferencia Mundial sobre a Muller (Beijing, 1995)].

Esta definición é unha reelaboración da que formulou o movemento feminista na década de 1970 reclamando o dereito das mulleres a controlar os seus propios corpos. Esta reivindicación parte do recoñecemento dun dobre patrón de valoración das condutas sexuais de homes e mulleres e abarca o dereito das mulleres ao pracer sexual e a constatación de que a desigualdade de poder entre os xéneros favorece que os homes controlen os comportamentos reprodutivos das mulleres.

Dobre xornada

Condición á que se ven sometidas as mulleres que, ademais de levar a cabo un traballo remunerado en horario laboral, suman e acumulan todas as tarefas que implica o traballo reprodutivo non compartido co resto de persoas da unidade familiar.[Ver División sexual do traballo].

Discriminación por razón de xénero (ou indirecta)

Considérase discriminación indirecta por razón de sexo a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro, salvo que a devandita disposición, criterio ou práctica se poidan xustificar obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar esta finalidade sexan necesarios e axeitados. [Artigo 6.2 da LOIEHM].

División sexual do traballo

Consiste na diferenciación social que se fai sobre as actividades que deben realizar as mulleres e as que deben realizar os homes, adxudicando diferentes espazos en función do sexo. Esta división é aprendida e cambia a través do tempo. Xeralmente renóvase cando as sociedades están sometidas a crises e axustes. É unha das estruturas importantes que define as relacións de xénero.

- Actividades que se desenvolven no ámbito reprodutivo ou doméstico: abarca tarefas relacionadas coa organización e atención da familia e aquelas derivadas do coidado do fogar. É un espazo ocupado e adxudicado maioritariamente ás

mulleres. As funcións vinculadas a este ámbito están fortemente naturalizadas ao tratarse dun traballo non remunerado.

- Actividades que se desenvolven no ámbito produtivo ou público: abarca as tarefas relacionadas coa vida económica, política e social. É un espazo ocupado e adxudicado maioritariamente por e para homes. Ten que ver coas actividades produtivas de carácter mercantil nas que se exerce o poder e, polo tanto, teñen un valor de cambio. É visible.

Ecofeminismos

Punto de encontro do feminismo e o ecoloxismo no que se avoga por un cambio de modelo político e ético. Na súa teoría e praxe aparecen temas como a reorganización do lugar que ocupa o traballo na vida, a redefinición dos roles de xénero, o modelo de consumo ou a soberanía alimentaria entre outros.

O termo foi empregado por primeira vez por François D'eaubonne en 1974, quen o definiu como a crítica á modernidade desde o feminismo e o ecoloxismo, establecendo unha conexión ideolóxica entre a explotación da natureza e a das mulleres no sistema patriarcal.

Abarca diferentes tendencias: esencialista, ilustrada, construtivista, social...

Empoderamento

Termo empregado na IV Conferencia Mundial das Mulleres para referirse ao aumento da participación feminina nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder.

Actualmente é un concepto central da teoría feminista que ten que ver coa toma de conciencia individual e colectiva das mulleres. Inclúe o fortalecemento da súa posición social, económica e política e busca reducir ou eliminar as relacións de poder entre os sexos. En palabras de Marcela Lagarde é «o conxunto de procesos vitais definidos pola adquisición ou invención e interiorización de poderes que permiten a cada muller ou colectivo de mulleres, afrontar formas de opresión vixentes nas súas vidas».

Estereotipos de xénero

Fan referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes. Estas ideas, fixas, asúmense como naturais e serven para clasificar as persoas sen ter en conta as súas realidades individuais.

A forza de repetilos, estes prexuizos vólvense verdades indiscutibles que xeran estruturas de privilexio xa que o conxunto de calidades asignadas aos homes son entendidas como de maior valor social.

Equidade de xénero

Implica tratar a mulleres e homes de forma xusta, de acordo as súas necesidades respectivas. Supón a posibilidade de aplicar un trato diferencial para corrixir desigualdades

de partida; así, as medidas non teñen porque ser necesariamente iguais, pero buscan a igualdade de dereitos, beneficios, obrigas e oportunidades. [PNUD-Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento].

Feminismo

Teoría política e práctica crítica que loita pola igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas. Implica un xeito diferente de entender o mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos. O feminismo foi articulado por mulleres que tras analizar a realidade na que viven toman conciencia das discriminacións e deciden organizarse para mudar a orde establecida, por iso é un movemento radical.

Esta corrente de pensamento é a que está a producir máis cambios no sistema e nos valores sociais desde o século pasado, conseguindo que as institucións muden as súas políticas sociais e económicas e que se fale dunha «revolución silenciosa». O discurso, a reflexión e a práctica feminista conlevan tamén unha ética e unha forma de estar no mundo.

O feminismo xorde, no caso de Occidente, como unha radicalización da Ilustración aínda que existen mulleres anteriores que defenderon publicamente a igualdade. No caso do Estado español ata principios do século XX non se pode falar dun movemento feminista propiamente dito.

Feminismo da diferenza

Corrente do feminismo que reivindica a diferenza para darlle un sentido distinto, incide no recoñecemento dos valores que tradicionalmente se consideran femininos outorgándolles autoridade e valor social, á marxe das estruturas patriarcais. Esta corrente sinala que diferenza non significa desigualdade e subliña que o contrario á igualdade é a desigualdade. Formula a igualdade entre mulleres e homes pero nunca a igualdade cos homes porque isto implicaría aceptar o modelo masculino.

Destacan a importancia do simbólico.

Feminismo da igualdade

Corrente do feminismo que busca a igualdade de oportunidades entre os dous sexos unha vez superados os estereotipos de xénero. O feminismo da igualdade céntrase no traballo institucional para lograr que mulleres e homes teñan unha presenza similar no espazo público e igual acceso ao poder político e aos postos de responsabilidade. A súa concepción baséase na idea de que o xénero é unha construción social, histórica e cultural.

Trata de eliminar as diferenzas de xénero porque entende que é aí onde radica a base da exclusión e da opresión das mulleres.

Feminismo postcolonial

Corrente do feminismo que sitúa o protagonismo nas voces subalternas tratando de atender as mulleres tradicionalmente deixadas á marxe e de combater as causas que producen as diferenzas de clase, raza e xénero.

Xorde como unha crítica ao predominio discursivo do feminismo branco e colonial a carón dos procesos de emancipación da poboación negra nos Estados Unidos e de descolonización do chamado Terceiro Mundo.

Inclúe o feminismo negro, o musulmán ou o da diáspora.

Fenda de xénero

É a diferenza entre as taxas masculina e feminina na categoría dunha variable producida pola desigualdade de xénero.

As máis coñecidas son:

Fenda salarial: Diferenza relativa que existe na medida dos ingresos brutos por hora, de mulleres e homes, en todos os sectores da economía.

Está causada por diferentes motivos como a discriminación directa, a infravaloración do traballo das mulleres, a segregación no mercado laboral, os tipos de xornada e de contrato diferenciados, os complementos salariais etc.

Fenda dixital: Diferenza no acceso e no uso das tecnoloxías da información.

Fálase de 1ª fenda dixital cando se trata do acceso, 2ª fenda dixital cando se analiza o uso e a intensidade das TIC e de 3ª fenda dixital cando nos referimos a aspectos máis cualitativos como son o uso diferencial de servizos avanzados.

Genderqueer

Persoa que sente que a súa identidade de xénero non encaixa cos xéneros normativos. Pode identificarse con ambos, con un ou outro de forma variable ou con ningún.

Heteronormatividade

Michael Warner acuñou o termo en 1991 describindo a heteronormatividade como un conxunto de relacións de poder que normalizan a sexualidade ao mesmo tempo que idealizan e institucionalizan as relacións heterosexuais, equiparándoas co que é ser humano. Así pois, a heteronormatividade é un réxime social mediante o cal se impón a heterosexualidade como a única opción correcta. Deste xeito as persoas non heterosexuais son perseguidas, marxinalizadas, discriminadas e forzadas a pensar e actuar segundo as regras deste réxime.

A base ideolóxica da heteronormatividade é o binarismo de xénero, xa que se considera que só existen dúas categorías: home e muller. Esta ideoloxía heteronormativa perpetúase en todos os ámbitos da nosa sociedade: dende as leis do Estado, os mecanismos educativos e a institución da familia, ata as representacións culturais que forman o imaxinario social ou o mito do amor romántico.

Igualdade de oportunidades

Implica a situación na que todas as persoas temos as condicións para realizarnos intelectual, física e emocionalmente, podendo alcanzar as nosas metas vitais e desenvolvendo as nosas capacidades e potencialidades sen estar mediatizadas polo xénero, a clase, o sexo, a idade, a etnia, a relixión ou calquera outro factor identitario. [PNUD-Programa das Nacións

Unidas para o Desenvolvemento]. Tamén se entende como a ausencia de toda barreira sexista para a participación económica, política e social.

Interseccionalidade

A académica Kimberlé Williams Crenshaw acuñou o termo a finais da década de 1980, o cal mantén que non se poden estudar os diferentes tipos de opresión – como o racismo, o sexismo ou a homofobia – de maneira independente, xa que todas as formas de exclusión están interrelacionadas.

As feministas racializadas comezaron a usar o termo para criticar o feminismo branco, o cal fai unha universalización da categoría muller (branca, occidental, heterosexual, cixénero e de clase media) que oculta a heteroxeneidade de situacións e experiencias que viven as mulleres, as súas múltiples opresións. Así, a interseccionalidade chama a analizar o problema de xénero tendo en conta a intersección de aspectos como raza, clase, sexualidade, xénero, etc. Practicar o feminismo dende a interseccionalidade significa recoñecer os privilexios de certas mulleres e sinalar que o patriarcado oprime a todas, pero non do mesmo xeito.

Intersexual

Termo xeral que se emprega para referirse a unha variedade de condicións nas que unha persoa nace cunha variación nas características sexuais (anatomía sexual, órganos reprodutivos e/ou mapa cromosómico) que non encaixa nas definicións pechadas de home ou muller. Pode ser algo patente no nacemento ou pode descubrirse ao longo da vida. Non ten que ver coa identidade de xénero nin coa orientación sexual.

Linguaxe inclusiva

É aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e o androcentrismo. [*Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*, Universidade de Vigo]

Linguaxe sexista

Uso da linguaxe que revela asimetrías e discriminación no tratamento de homes e mulleres, é dicir, cando a través da lingua se perpetúa o sexismo social e se contribúe á construción duns papeis de xénero discriminatorios.

Pode tratarse de:

- Sexismo gramatical: cando os usos lingüísticos sexistas responden a normas lingüísticas recollidas nas gramáticas dos diferentes idiomas. Un exemplo sería o uso do masculino con suposto valor xenérico.
- Ou sexismo discursivo: ten lugar cando a discriminación sexual non está recollida en gramáticas, senón que responde á escolla e perspectiva de quen usa a linguaxe,

de xeito que se transmiten estereotipos de xénero, valoracións ou asimetrías sobre mulleres e homes etc.

Machismo

Son os actos, físicos ou verbais por medio dos cales se manifesta o sistema que lexitima a desigualdade e considera aos homes superiores ás mulleres. Estes comportamentos poden ser conscientes ou inconscientes, xa que todas as persoas somos socializadas no sexismo. Na concepción machista a «muller» é valorada en función da maternidade, da súa capacidade para coidar e dun estrito canon de beleza.

Machismo, sexismo e patriarcado actúan interconectados.

Micromachismos

Termo conceptualizado por Luís Bonino que recolle as prácticas imperceptibles de dominación masculina na vida cotiá.

Comprende un amplo número de manobras interpersoais que realizan os homes para manter o dominio sobre as mulleres; reafirmar ou recuperar este dominio ante unha muller que rompe co seu papel de xénero; resistirse ao aumento de poder persoal ou interpersoal dunha muller coa que se vincula ou apropiarse das súas capacidades.

Patriarcado

É un sistema de relacións sociais sexo-políticas baseadas en diferentes institucións públicas e privadas e na solidariedade interclases e intraxénero instaurado polos homes, quen como grupo social e de xeito individual e colectivo, xerarquizan as diferenzas e oprimen ás mulleres tamén de forma individual e colectiva. Xurde dunha toma de poder histórica por parte dos homes que se apropian da forza produtiva e reprodutiva feminina, dos seus corpos e os seus produtos, con medios pacíficos (educación e/ou incitación) ou mediante o uso da violencia. Ao mesmo tempo, o patriarcado é un sistema inscrito na orde social que crea unha orde simbólica a través dos mitos e a relixión que o perpetuarían como única estrutura posible.

As teorizacións sobre o patriarcado foron fundamentais para o desenvolvemento das distintas correntes do feminismo. A constatación de que se trata dunha construción histórica e social dan pé a posibilidade que se poida mudar por un modelo igualitario.

Perspectiva de xénero

Consiste na comprensión de que existen diferenzas socialmente determinadas entre mulleres e homes, e que estas diferenzas son construídas como resultado da discriminación. Permite recoñecer as causas que producen as desigualdades e formular mecanismos para superar estas fendas. Este proceso implicou a construción de teoría e metodoloxías, para a explicación e a comprensión dos conceptos que interveñen nas relacións entre os xéneros.

É a visión científica, analítica e política creada desde o feminismo e aplícase a todos os ámbitos da vida.

Queer

O termo *queer* utilízase comunmente para referirse ás minorías sexuais e de xénero; é dicir, aquelas persoas que non son heterosexuais e/ou cisxénero. Empezou a usarse na lingua inglesa durante o século XVIII para describir algo ou alguén «estraño» ou «peculiar». No século XIX o termo comeza a usarse pexorativamente contra persoas homosexuais ou que desafiaban as ideas tradicionais de xénero.

A mediados da década de 1980 certos grupos oprimidos decidiron reapropiarse do termo, comezando a autodenominarse como *queer* e, deste xeito, subvertendo o significado e as intencións orixinais da palabra. Así, hoxe en día, *queer* deixa de ser un insulto utilizado por persoas do grupo opresor e pasa a ser un signo de resistencia por parte das minorías sexuais e de xénero.

Roles de xénero

Son os papeis e expectativas diferentes que socialmente se adxudican ao xénero masculino e feminino e que se aprenden e poñen en práctica segundo os criterios vixentes nunha sociedade patriarcal. Estes comportamentos considerados como apropiados ou non co que se acepta como feminino e/ou masculino, favorecen a inserción na sociedade á que pertencemos ou provocan reaccións adversas e sancións sociais.

Os roles de xénero están directamente relacionados co reparto de tarefas entre mulleres e homes.

Segregación horizontal

Segmentación da participación de mulleres e homes nos sectores de actividade económica e ramos da estrutura produtiva que significa a feminización ou masculinización de certos ámbitos do mercado de traballo. Esta diferenciación aparece xa na escolla de estudos e de carreiras profesionais por parte de homes e mulleres.

Como consecuencia desta segregación, as ocupacións feminizadas, perden valor social e están peor pagadas incidindo na fenda salarial.

Segregación vertical

Concentración de mulleres e homes en graos e niveis específicos de responsabilidade. Fai referencia a certas características na xerarquía de persoas, postos e tarefas nos centros de traballo que dificultan o acceso das mulleres a postos con maior responsabilidade e mellor remunerados. Isto acontece inclusive naqueles sectores nos que as mulleres son maioría.

Está relacionada co xénero e a posición das mulleres nos espazos laborais e dificulta que nos situemos favorablemente no interior das estruturas de poder; limita o noso

recoñecemento social, o control dos activos produtivos, e a información e a participación na toma de decisións.

Sexismo

Ideoloxía que se manifesta nun conxunto de prácticas sociais que someten e discriminan ás mulleres fronte aos homes en todos os ámbitos da vida e das relacións humanas en base a diferenzas biolóxicas e de xénero. O sexismo representa unha actitude consciente que propicia a dominación e subordinación das mulleres.

O termo foi elaborado polo feminismo dos anos sesenta do século pasado -con analogías á palabra racismo- para definir a orde política e simbólica que constrúe un modelo que pon en valor un sexo e exclúe ao outro.

Sexo

Conxunto de diferenzas biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) entre homes, mulleres e intersexuais.

Tradicionalmente na teoría feminista hai dúas posturas enfrontadas en torno á conceptualización do sexo: unha que considera o sexo como a base dunha construción cultural coñecida como xénero e outra esencialista que defende a diferenza sexual como un valor. A partir da obra da filósofa Judith Butler na década de 1990, esténdese tamén a teoría de que a lectura que facemos destas diferenzas depende dun determinado imaxinario social (discursos, prácticas e normas). Non é que o sexo como realidade material non exista, senón que a idea dun «sexo natural» organizado en base a dúas posición opostas e complementarias é, en si, un dispositivo mediante o cal o xénero se naturaliza.

Sororidade

Pacto estratéxico de xénero entre mulleres iguais que se atopan e recoñecen no feminismo. Relación entre mulleres baseada no recoñecemento e o apoio mutuos que rompe coa rivalidade entre mulleres que establece o patriarcado.

Implica compartir recursos, tarefas, accións, éxitos etc. e polo tanto visibilizar as achegas das mulleres. Está relacionada co empoderamento individual e colectivo.

Teito de cristal

Fai referencia á barreira invisible que impide ás mulleres, nun determinado momento da súa carreira profesional, acceder a postos de dirección e/ou responsabilidade. Esta situación é consecuencia do sistema de xéneros, que impiden que as mulleres participemos de feito nun marco de igualdade e que se manifestan nas numerosas dificultades de promoción laboral e acceso a determinados espazos de poder e decisión.

Entre os principais factores que manteñen o «teito de cristal» destacan os relativos a aspectos externos e interactivos como a cultura organizacional e as cargas familiares. Por

tanto o «teito de cristal» está formado por unha superficie superior invisible na carreira laboral das mulleres, difícil de traspasar, que nos impide seguir avanzando.

Teoría queer

Movemento crítico post-identitario herdeiro do feminismo e do anticolonialismo que rexeita a clasificación en categorías universais como «home», «muller», «homosexual» ou «heterosexual» e sostén que estas esconden un número enorme de variacións culturais, ningunha das cales sería máis fundamental ou natural que as outras.

Prové do termo inglés «queer» que a nivel coloquial era un insulto dirixido ás persoas con formas de vida e identidades diferentes que se saían da norma establecida pola ideoloxía e os estereotipos dominantes. Foi empregado por primeira vez nun artigo de Teresa de Lauretis en 1990.

Está moi relacionado co activismo político. A eficacia política do termo «queer» provén precisamente de ser a reapropiación dunha inxuria a pesar de que perde certa potencialidade ao introducirse noutras linguas nas que non está contextualizada.

Transexual

Unha persoa transexual é aquela que sente que a súa identidade sexual non se corresponde co esperado socialmente para o sexo que se lle asignou no nacemento.

Moitas destas persoas optan por modificar os seus xenitais sexuais externos cirurxicamente e/ou os seus caracteres sexuais secundarios mediante unha terapia hormonal. No caso do Estado español este proceso está rexido pola Lei 3/2007, de 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

Unha parte do movemento transexual -en alianza con algúns sectores do movemento feminista- defende a libre expresión dos xéneros que parte da despatoloxización da transexualidade e fórmulase o obxectivo de que deixe de considerarse unha enfermidade (disforia de xénero) tratada medicamente. Tamén defenden, para quen así o decida, o dereito a operarse e a acceder libremente aos tratamentos hormonais.

Transfeminismo

Corrente actual do feminismo que vai máis alá do binarismo de xénero.

Rompe co suxeito muller entendido de forma bioloxicista, excluínte e normativa porque entende que non é o único suxeito do feminismo. A deconstrución desta categoría non pretende só engadir suxeitos -trans, maribolleras, precarixs, migrantes, negras, putas-, nin facer un simple sumatorio de reivindicacións, senón reconstruír o espazo común onde emerxan novas subxectividades nun marco de identidades non estables, creando alianzas desde as semellanzas e os conflitos, porque entende que as opresións non son iguais nin operan coa mesma intensidade.

Transversalidade de xénero (Mainstreaming)

Supón aplicar a perspectiva de xénero en todas as institucións, políticas, procesos de planificación, de adopción e de avaliación de decisións públicas para conseguir a igualdade.

Cuestiona a corrente principal das políticas públicas e supón un paso máis alá que as medidas de acción positiva xa que explicita a necesidade de que o xénero estea presente en todos os ámbitos e en todas as etapas das actuacións dos poderes públicos

Foi un concepto proposto pola Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller das Nacións Unidas en 1987. Posteriormente foi asumido como estratexia global no marco do III Programa de Acción Comunitaria a medio prazo para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (1991-1995). A súa entrada na axenda política internacional foi en 1995, cando na Plataforma de Acción aprobada na IV Conferencia Mundial da Muller das Nacións Unidas se pide explicitamente aos gobernos que incorporen a perspectiva de xénero nas súas actuacións.

Transxénero

O termo transxénero utilízase para describir aquelas persoas cuxa identidade de xénero non concorda coa que lles foi asignada ao nacer en base aos seus xenitais e caracteres sexuais secundarios. A palabra transxénero inclúe tanto aquelas persoas que se consideran dentro da categoría muller ou home como aquelas que son de xénero non binario.

Na actualidade prefírese este termo ao de transexual para referirse a aquelas persoas cuxa identidade de xénero non concorda co asignado no nacemento, independentemente de que decidisen someterse a unha operación de reconstrución xenital ou non. Deste xeito, evítase unha xerarquización entre as persoas que deciden operarse e as que non así como o reforzamento da falsa dicotomía entre xénero e sexo, dúas caras do mesmo constructo social.

Xénero

Construción cultural que fai unha sociedade a partir das diferenzas biolóxicas coñecidas como sexo. Mediante esta construción adscribíense cultural e socialmente aptitudes, roles e actitudes diferenciadas para homes e mulleres atribuídas unicamente en función do sexo biolóxico.

A partir da publicación en 1949 de *O Segundo sexo* de Simone de Beauvoir queda claro que o «feminino» e o «masculino» non son feitos naturais ou biolóxicos, senón construcións culturais específicas que, por tanto, varían no tempo e no espazo.

Unha das principais consecuencias deste sistema é o feito de que a cada xénero se lle atribúe un valor determinado. As características desta forma de organización social producen unhas xerarquías na sociedade patriarcal que implica a subordinación das mulleres. Esta clasificación xerárquica determina que mulleres e homes non teñamos as mesmas oportunidades á hora de exercer os dereitos que nos corresponden como parte da cidadanía.

O xénero é empregado como categoría de análise nas ciencias sociais desde que John Money propuxera o termo «rol de xénero» para describir os comportamentos asignados socialmente ás mulleres e aos homes no marco das súas investigacións sobre a intersexualidade.

Violencia simbólica

«O sistema patriarcal, apoiado sobre a desigualdade entre mulleres e homes, é aceptado (por ser interiorizado inconscientemente ou por ser conscientemente preferido) tanto por quen ocupan a posición de superioridade como por quen ocupan a de inferioridade. Trátase dunha aceptación ideolóxica e é simbólica “ porque a crenza na superioridade masculina é un aspecto central da orde establecida. A diferenza natural entre homes e mulleres trasládase á desigualdade e xerarquía entre homes e mulleres. A superioridade masculina é unha característica cultural absolutamente innecesaria, pero constitúe un aspecto central do sistema social que coñecemos como patriarcado” (Alberdi 2005:14)»
[*Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*, Universidade de Vigo]

Violencia de xénero

Todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade. [Artigo 1.3 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero].

Esta violencia é exercida «como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte dos que sexan ou fosen os seus cónxuxes ou dos que estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia».

Alén do ámbito normativo desde algúns feminismos deféndese a inclusión neste apartado de outros tipos de violencia (estrutural, simbólica, homo/lesbo/bi/transfoba etc.) que teña como base as situacións de desigualdade e as relacións de poder que establece a construción social que se fai do xénero.

Universidade de Vigo

Unidade de Igualdade